

## ANUNCIO

### CONVOCATORIA DE COBERTURA TEMPORAL DO POSTO DE DIRECTOR DA BANDA

En cumprimento da petición efectuada polo responsable do Servizo de Cultura e Memoria Histórica, convócase para a cobertura temporal, a través de comisión de servizos, os seguinte posto de traballo:

- Posto **aberto a persoal funcionario de calquera Administración Pública**, de acordó os requisitos da RPT e as Normas de Xestión:

1. Director/a da Banda de Música, referencia 343

As características do citado posto, segundo a RPT, figura detallado mais abaixo.

Servizo	Cod. Unid. Org.	Unid. Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N/C	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.	Requisit espec.
Cultura e M.Hist	CM7000	Banda de Música	343	Director Banda Música	A1/A2	26	AE	FR10 ED	LD	TD	Para funcionarios doutras Administracións: Cumprimento do requisito establecido no art. 19 das Normas de Xestión da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña.

❖ **Artigo 19.2 das Normas de Xestión da RPT, publicado no BOP de data 19/08/2020.**

2. Os funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos indicados con (TD) a condición de que cumpran as condicións da RPT para a ocupación do posto e sexan titulares dunha praza igual ou equivalente a unha vacante do cadro de persoal municipal.

❖ **Cadro de Persoal vixente publicado no BOP de data 26/02/2020.**

O persoal funcionario de carreira que cumpra os requisitos esixidos na RPT e que queiran participar nesta convocatoria deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, no **prazo de 3 días hábiles**, a contar desde a publicación deste anuncio no xestor de contidos ALFRESCO e na pax. web municipal.

Os aspirantes, xunto coa súa solicitude, deberán presentar un curriculum vitae, o Título Superior de Música, unha relación dos méritos que aleguen acompañados dos documentos orixinais ou copias autenticadas para a súa baremación na fase correspondente do proceso, e por último, un proxecto de traballo para dous anos coa Banda Municipal de Música do Concello da Coruña.

A **selección** realizarase entre os/as candidatos/as que presenten a súa solicitude dentro do prazo sinalado, e reúnan os requisitos que se establecen no paragrafo anterior.

- O proceso constará de dúas fases, unha proba con dúas partes e unha fase de baremación de méritos.
  - a) A proba que constará de dúas partes, terá unha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 10 puntos entres a suma das dúas partes, conforme ao seguinte:
    - 1. Unha proba práctica coa Banda Municipal de Música que constará de 20 minutos de ensaio de diferentes fragmentos de dúas obras obrigadas, indicados pola comisión de selección. Esta proba práctica puntuará cun máximo de 15 puntos.  
As obras obrigadas serán:
      - La Fanciulla del West (Symphonic suite from de opera)- Giacomo Puccini/arr: Johan de Meij
      - Music of the Spheres-Philip Sparke
    - 2. Exposición do proxecto diante da comisión de selección cun máximo de duración de 10 minutos. Puntuarase cun máximo de 5 puntos
  - b) Fase de baremación de méritos, que terá unha puntuación máxima de 30 puntos:
    - 1. Título de dirección de Orquesta ou Banda de Música que será puntuado con 12 puntos.
    - 2. Máster ou doutorados relacionados coa materia que serán puntuados con 2 puntos por título, ata un máximo de 10 puntos.
    - 3. Experiencia en postos similares durante un periodo mínimo de 5 anos, que será puntuada con 2 puntos por cada ano ata un máximo de 8 puntos.